

Convocatorias de Proxectos de I+D+i Convocatorias de Proxectos de Xeración de Coñecemento 2021

Infórmase que o Ministerio de Ciencia e Innovación que ven de publicar a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2021 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración do Coñecemento

Fondos Europeos:



Modalidades de proxectos:

Investigación Non Orientada: sen orientación temática definida, que está motivados pola curiosidade científica e teñen como obxectivo primordial avanzar no coñecemento independente do horizonte temporal e o seu ámbito de aplicación.

Investigación Orientada: orientados á resolución de problemas concretos e vinculados ás prioridades temáticas asociadas aos desafíos mundiais e competitividade industrial da sociedade.

Tipoloxía de proxectos: Dentro das modalidades anteriores os proxectos poderán ser de dous tipos en función do Investigador Principal:

Proxectos Tipo A. Liderados por mozos investigadores/as. Dentro da modalidade Proxectos de «Investigación Orientada», non se financian os proxectos para persoal investigador mozo sen vinculación ou con vinculación temporal (proxectos tipo JIN) ao non estar contemplada a devandita tipoloxía no novo Plan Estatal e reforzarse as convocatorias para investigadores do Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e Reter Talento.

Proxectos Tipo B. Liderados por investigadores/as consolidados/as.

Acceso á convocatoria: [Proxectos de Xeración do Coñecemento - 2021](#). Dadas as especiais características do programa, recomendamos ler atentamente a convocatoria así como e o documento de [preguntas frecuentes](#).

Prazo de presentación de solicitudes: Desde o 23 de novembro ata o 15 de decembro de 2021 ás 14.00 horas na Sede da Axencia Estatal. O prazo interno da USC remata o **09 de decembro ás 14 horas**. Non poderá garantirse a presentación en tempo e formas daquelas solicitudes que sexan presentadas despois desa data.

Solicitudes: As solicitudes deberán realizarse a través do [enlace de solicitude do Ministerio](#)

Importante.- Unha vez rematada a cumprimentación da solicitude O/a IP validaraa e enviaraa de xeito telemático. De seguido deberá imprimir o documento que xere a aplicación, consignará nel as sinaturas manuscritas orixinais ou ben electrónicas do/a IP e do resto do persoal do equipo de

investigación e do equipo de traballo e o poñerá a disposición da persoa que actúe como representante legal da entidade solicitante, para a súa custodia a través deste [enlace](#).

Documentación: As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- **Memoria científico -técnica do proxecto.** A memoria deberá escribirse obrigatoriamente en inglés nos proxectos nos que o orzamento dos custos directos sexa igual ou superior a 100.000€. A convocatoria inclúe un novo anexo no que se recolle a descrición do contido da memoria científico-técnica.
- **CVA do investigador principal,** ben obtido a través da aplicación da FECYT, ou cubrindo os modelos dispoñible na web da convocatoria. A extensión máxima do CVA será de 4 páxinas.
 - ✓ Desaparece o apartado A2 de *Formación académica* e no seu lugar inclúese a enumeración de situacións profesionais anteriores á actual, así como os períodos de interrupción na carreira investigadora, no seu caso (art. 14.2.b da convocatoria).
 - ✓ Modificouse o contido do *apartado B do Resumo do CV* para progresar na adecuación aos principios DORA.
 - ✓ Como consecuencia deste principio, *desaparecen as referencias ás bases de datos de Web of Science e Scopus* no apartado A do CVA.

IP e equipo de investigación,

Períodos de interrupción da actividade investigadora: Se fose o caso, deberán achegar documentos que acrediten situacións de interrupción da actividade investigadora.

- ✓ Na aplicación da solicitude só se consignarán estes períodos de interrupción para IP de proxectos tipo A, a efectos de modificación da data de límite inferior admisible para a obtención do grao de doutor.
- ✓ Nos proxectos de tipo A, a data de obtención do grao de doutor/a deberá estar comprendida entre el 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2018. A data límite inferior de 1 de xaneiro de 2011 poderá ampliarse cando entre a data de obtención do grao de doutor e a data de peche do prazo de presentación solicitudes conorra algunha das situacións de interrupción da actividade investigadora do art. 6.3.c) sempre que quede debidamente xustificado na solicitude da axuda.

Tramitación de solicitudes na USC: [Enlace á documentación da USC para a tramitación da solicitude](#)